



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 27 DE DECEMBRO DO ANO 2018

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 34 minutos do día 27 de decembro de 2018, baixo a Presidencia do alcalde, José Manuel López Varela, coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, réunese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este día.

PRESIDENTE

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

CONCELLEIROS

Grupo político municipal P.P.

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

ALBERTO FUENTES PREGO

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

Escusan a súa asistencia

CRISTINA VIEITES CALVO (**Grupo político municipal P.P.**)

ANTONIO ANTELO AÑÓN (**Grupo político municipal Mixto**)

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA (**Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE**)

Asiste como secretaria, a secretaria accidental da Corporación, Lucía Barreiro Angeriz, que da fe do acto.

Asiste o interventor da Corporación, Manuel Martínez Varela.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

1.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE APROBACIÓN INICIAL DOS ORZAMENTOS MUNICIPAS PARA O ANO 2019

A secretaria da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, realizada o venres, 21 de decembro de 2018, en relación co presente asunto, onde se deu conta do expediente formado en relación co asunto do epígrafe sinalando que a proposta da Alcaldía manifesta:

“Visto o disposto no art 168 e 169 do rdlex 2/2004 de 5 marzo no tocante ao procedemento de elaboración dos orzamentos.

Visto o proxecto de orzamentos do concello de a laracha para o 2019 coa documentación que a integra.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Visto o informe de intervención ao orzamento do concello e o informe sobre a lei de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade orzamentaria.

Visto o disposto no art 22 e) da lei 7/1985 de 2 de abril, polo que a competencia para a aprobación do orzamento corresponde ao Pleno da Corporación.

PROPONSE AO PLENO DO CONCELLO DA LARACHA A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento do concello de A Laracha para o exercizo 2019 na contía total, tanto en ingresos como en gastos de 10.349.818,43 € e co seguinte resumo por capítulos:

ESTADO DE INGRESOS			ESTADO DE GASTOS		
CAP.	CAPÍTULOS	PI 19	CAP.	CAPÍTULOS	CI 19
1	1.- Impostos directos	2.433.000,00	1	1.- Gastos de persoal	2.250.158,34
2	2.- Impostos indirectos	85.000,00	2	2.- G. Bens corr. e serv.	4.582.292,69
3	3.- Taxas e outr.ingresos	1.374.700,00	3	3.- Gastos financeiros	00,00
4	4.-Transf. correntes,	4.146.664,28	4	4.- Transf. Correntes	435.811,53
5	5.- Ingresos patrimoniais	00,00			
6	6.-Enax. Invers. Reais	00,00	6	6.- Inwestimentos reais	3.081.555,87
7	7.- Transf. Capital	1.660.170,91	7	7.- Transf. de capital	0,00
8	8.- Activos financeiros	00,00	8	8.- Activos financeiros	00,00
9	9.- Pasivos financeiros	650.283,24	9	9.- Pasivos financieros	00,00
TOTAL INGRESOS		10.349.818,43	TOTAL GASTOS		10.349.818,43

Segundo.- Prestar aprobación ao “índice de gasto non financeiro (TEITO GASTO) para o exercizo de 2019” que queda fixado en 9.156.473,86 euros a resultas do que determine a liquidación do exercizo de 2018.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Terceiro.- *Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral de 2019.*

Cuarto.- *Aprobar o Cadro de Persoal funcionario, laboral e eventual que se detalla no Anexo de Persoal do Orzamento Xeral para o 2019 e demais anexos explicativo.*

Quinto.- *A toma de razón do informe de avaliación da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF do Proxecto de Orzamento 2018.*

Sexto.- *Establecer un período de información pública por un prazo de 15 días hábiles, mediante a correspondente publicación no BOP aos efectos de que se presenten as reclamacións que se consideren oportunas. No caso de non presentarse alegacións, entenderase definitivamente aprobado o texto provisional debendo proceder á súa publicación de acordo establecido no artigo 169.3 do TRLRFL.”*

Eladio Verdía García comeza a súa intervención indicando que se vai abster por que non lles dou tempo a realizar unha análise profunda dos orzamentos xa que lles foron remitidos o xoves pasado, a pesar de que tal e como se indica no informe de intervención, estes deberían estar realizados antes do 15 de outubro.

Xoán Sande Muñíz indica que en primeiro lugar se deberían explicar os orzamentos polo órgano de goberno e despois facerse as intervencións polos grupos de oposición e non ao revés, como se está a facer. O alcalde responde que xa se fai a Comisión Informativa para o coñecemento dos orzamentos.

O portavoz do BNG continua a súa intervención desagregando os orzamentos en gastos e ingresos. Con referencia aos gastos sinala que o orzamento do Concello aumentou en 2.000.000 de euros grazas as subvencións recibidas doutras Administracións, como son a axuda dos Fondos Europeos, o Programa de Empleo da Xunta ou o POS da Deputación da Coruña. Con respecto a isto, dí que non lles parece mal que o Concello se acolla ao PAI da Deputación, como o resto de Concellos da



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

provincia debido ás eleccións. Continua dicindo que a Deputación financia o 25% dos investimentos e o 12% dos gastos correntes do Concello, e aínda así o Partido Popular fixo un “paripé” de protesta diante da Deputación por que lles parecía pouco importe. O alcalde contesta que volvería de novo a facelo xa que baixaron en mais de 100.000 euros con respecto ao ano anterior, ao que Xoán Sande recrimina que na época de Diego Calvo como presidente da Deputación se concedían 300.000 euros menos que este ano. Indica tamén que o Concello da Laracha é o concello da provincia que mais se beneficia do POS con unha poboación que apenas representa o 1% do total. Finalmente sinala que gracias ao POS se poden axustar os Orzamentos á realidade.

Con respecto aos Gastos, Sande Muñiz, sinala que son uns orzamentos continuístas do PP, o goberno con máis dedicacións exclusivas da Costa da Morte. As Xuntas de Goberno Local, sesións semanais, páganse á 120 euros, mais do que se cobra por asistencia ao Pleno. Indica que o persoal eventual fai labores que non lle corresponde, como é coordinar as subvencións. Faltan medidas con respecto á Política cultural, dinamización do Comercio Local, carencia de programación cultural, o que por unha parte lles parece lóxico ao haber unha traballadora neste departamento apartada por caprichos do goberno local. Por todo isto e o anterior sinalado, o BNG votará en contra.

O alcalde responde que o seu voto, o do BNG, xa iba ser en contra antes de remitirille os Orzamentos, e que llo confirmou o seu discurso, pois é o mesmo de outros anos. Con respecto ás dedicacións exclusivas indica que están os políticos coas mesmas están a facer unha gran labor no Concello, igual que o persoal eventual.

Do indicado do incumprimento na presentación dos Orzamentos sinala que é verdade que non foron presentados no prazo establecido pola lei pero que se fixo unha gran labor para poder telos antes de fin de ano, cousa que pasa en moi poucos Concellos, xa que todos os aproban ao seguinte ano.

Con respecto aos Ingresos indica que non vai a discutir aquí o POS, xa que se discute na Administración correspondente, a Deputación Provincial. Resalta o aumento dos orzamentos nun 29% por aportacións de outras Administracións, o que indica a



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

confianza das mesmas no Concello da Laracha, polo que para el se está a facer un bo traballo desde o goberno local.

Con respecto aos Gastos, responde que con respecto da política en materia cultural non está de acordo co indicado polo Sr. Sande, xa que hai unha gran resposta polos laracheses as actividades organizadas polo concello, e que existen 42 actividades na Programación de inverno a un prezo simbólico todas elas. Continúa a súa intervención analizando as distintas áreas de gasto, como a promoción económica na que indica que o comercio local sí se ve respaldado polo goberno local con medidas como a mellora das condicións das infraestructuras como por exemplo a zona azul, con subvencións directas, mellora nas instalacións da feira de Paiosaco, bonificacións á industria. Con respecto ao Turismo, sinala que na vila de Caión, cuna do turismo larachés, estanse a realizar novos accesos, mais aparcamentos, campañas de promoción propias e doutras administracións. Na rama de Sanidade, mellora da comodidade aos profesionais e cidadanos con mais aparcamentos, zona azul...En Emprego, programas como o Obradoiro e o PIE., en Medio Ambiente, aforro enerxético coa subvención outorgada polo IDAE. No deportivo, colaboracións cos clubs do Concello. En Educación, apertura de vías para accesos ao IES e o Ramón Otero Pedrayo. Ademais realizaranse varias expropiacións e novos contratos, como o do Servizo de Axuda a Domicilio, alumeadado público, recollida do lixo, limpeza de edificios, os cales van aumentos o orzamento de gastos ao adaptalos aos novos prezos.

O alcalde remata decindo que temos así o Orzamento mais alto da historia da Laracha.

Iníciase un novo turno de intervencións, no que o PSOE non fai uso da palabra e o BNG, en primeiro lugar responde ao alcalde no que respecta ao seu voto negativo indicado que o PP tampouco votou a favor do POS. Sinala tamén que con respecto á Política lingüística, o concello non fai nada por acollerse as axudas de outras administracións nesta materia, e non hai aportación ningunha nos orzamentos presentados. Con respecto as Actividades Culturais, indica que son moi mellorables



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

en moitos aspectos. Con respecto á Mesa Local de Comercio, que non se realizou mais que unha vez, ao igual que o Concello Escolar Municipal. Tamén reclama Ciclos formativos para o IES Agra de Leborís, unha circunvalación para a Feira de Paiosaco, ampliar servizos no Centro Médico así como mais persoal, xa que nos seus 21 anos como empregado do Servizo Público Galego é a época en que ve mais precariedade no dito Servizo. Remata a súa intervención indicando que espera que se tivera en conta o incremento salarial publicado no día de hoxe no BOE.

Visto o informe do interventor, o asunto é sometido a votación resultando que, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas adopta, **por once (11) votos a favor correspondentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, unha (1) abstencións correspondentes ao concelleiro do grupo municipal dos Socialistas de Galicia- PSOE, e dous (2) en contra, correspondentes aos concelleiros do grupos municipais do BNG**, á proposta da alcaldía, indicada anteriormente.

2- DITAME DA COMIISÓN INFORMATIVA DE DETERMINACIÓN CONTÍA GLOBAL GRATIFICACIÓNS POLICÍA LOCAL PARA O 2018.

A secretaria da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, realizada o venres, 21 de decembro de 2018, en relación co presente asunto, onde se deu conta do expediente formado en relación co asunto do epígrafe sinalando que a proposta da Alcaldía manifesta:

“Vista a insuficiencia de efectivos da Policía Local (na actualidades ó dous e acábase de incorporar un en comisión de servizos), para cubrir todas as funcións que teñen encomendadas o que fai preciso, que para garantir un nivel óptimo de prestación dos servizos sexa necesario acudir á realización de servizos extraordinarios fora da



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

xornada laboral que ten cada un dos seus membros, ata que sexa posible a cobertura das vacantes existentes e a creación e novos postos de Policía.

Visto o disposto no artigo 93.2 da lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases do Réxime Local:

2. *Las retribuciones complementarias se atenderán, asimismo, a la estructura y criterios de valoración objetiva de las del resto de los funcionarios públicos. Su cuantía global será fijada por el Pleno de la Corporación dentro de los límites máximos y mínimos que se señalen por el Estado.*

Visto o disposto no RD 861/1986 de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios da Administración Local, en concreto no seu artigo 7:

1. *Los créditos destinados a complemento específico, complemento de productividad, gratificaciones y, en su caso, complementos personales transitorios, serán los que resulten de restar a la masa retributiva global presupuestada para cada ejercicio económico, excluida la referida al personal laboral, la suma de las cantidades que al personal funcionario le correspondan por los conceptos de retribuciones básicas, ayuda familiar y complemento de destino.*

2. *La cantidad que resulte, con arreglo a lo dispuesto en el número anterior, se destinará:*

a) *Hasta un máximo del 75 por 100 para complemento específico, en cualquiera de sus modalidades, incluyendo el de penosidad o peligrosidad para la Policía Municipal y Servicio de Extinción de Incendios.*

b) *Hasta un máximo del 30 por 100 para complemento de productividad.*

c) *Hasta un máximo del 10 por 100 para gratificaciones.*

Tendo en conta o disposto no art 6.1 do RD 861/1986:



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Corresponde al Pleno de la Corporación determinar en el presupuesto la cantidad global destinada a la asignación de gratificaciones a los funcionarios dentro de los límites máximos señalados en el artículo 7.2,c), de este Real Decreto.

É dicir, dentro do 10% da masa retributiva global calculada nos termos alí indicados, do que resultan:

MASA RETRIBUTIVA GLOBAL (cap I - SS)	1.426.167,47
MASA PERSONAL LABORAL	584.688,28
RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS	235.038,90
CD FUNCIONARIOS	360.673,29
TOTAL	245.767,00
10% GRATIFICACIONES	24.576,70
GASTADO	9.453,15
LÍMITE PARA INCREMENTO	15.123,55

Tendo en conta que ata de agora lévase abonado 9.453,15 € tralos oportunos acordos plenarios, así como que vai ser preciso facer fronte a un novo gasto en gratificacións derivado dos meses de outubro, novembro e decembro, e que para elo é preciso que por parte do Pleno se determine a contía total, que ascenderá ao gastado 9.453,15 € máis a previsión para o último trimestre 3.746,85 €, en total para o 2018 = 13.200 €.

Vista a fiscalización favorable da Intervención municipal.

Propoño ao Pleno do concello a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- *Fixar a contía global adicada no orzamento do 2018 para gratificacións por servizos extraordinarios en 13.200 €, na aplicación 130/15100 que se financia a través da bolsa de vinculación sen necesidade de modificación orzamentaria."*

Non hai intervencións ao respecto, polo que o asunto é sometido a votación resultando que, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, e logo de ver o informe de



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

intervención, **ADOPTA por unanimidade dos membros presentes** o acordo proposto pola alcaldía.

Remata o sr. alcalde desexando feliz ano 2019 a toda a Corporación, ao público e prensa asistente á sesión.

E non tendo mais asuntos que tratar, o sr. Alcalde levanta a sesión sendo as 14 horas e 24 minutos, da que como Secretaria estendo a presente acta e dou fe da mesma, asinándoa dixitalmente xunto ao sr. Alcalde.